

INFORME PARA A AVALIACIÓN INTERNA SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2014-2015

PROVISIONAL

FINAL

DATA: 04-07-2016

DATOS DO TÍTULO	
DENOMINACIÓN DO TÍTULO	Grao en Xeografía e Historia
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO	Facultade de Historia
RESULTADO DO PROCESO DE SEGUIMIENTO	<input checked="" type="checkbox"/> CONFORME EXCELENTE <input type="checkbox"/> CONFORME <input type="checkbox"/> NON CONFORME

Xustificación do Resultado:

A metodoloxía utilizada para a avaliación deste título está baseada na “Guía para o seguimento dos títulos oficiais de grao e máster” da ACSUG de xullo de 2015.

Cumprimento do proxecto establecido:

O proxecto establecido na memoria da titulación, no marco das regulacións e procedementos marcados pola UVigo cúmprese de xeito satisfactorio. Malia existiren aspectos pendentes e susceptibles de mellora, estes son menores e, na súa meirande parte, foron detectados polos mecanismos internos de control e calidade e as medidas deseñadas (PAM) están executadas ou en vías de solución.

A planificación docente resulta axeitada e adáptase ás necesidades da modalidade semipresencial que se incorpora ao título.

Percíbese un intenso traballo de análise e reflexión sobre as necesidades dos axentes implicados. Constátase unha forte implantación e compromiso co SGIC, como ferramenta de traballo eficiente para a detección de incidencias e/ou posibles disfuncións na Universidade. A regularidade das súas reunións e o dinamismo das súas actividades faise patente no exame da documentación presentada.

Ponse de manifesto o esforzo de actualización e adaptación da titulación ás necesidades formativas do alumnado, o impulso dado á promoción, reforzo do PAT, o labor de mellora etc., por parte do persoal implicado no mestrado.

[O curso 2014-15 implantouse o 1º curso segundo o novo plan de estudos (2014), despois da modificación á que foi sometido o título. Nese ano académico impartíanse os cursos 2º, 3º e 4º do Grao, conforme o plan de 2009.]

Plan de melloras do título:

O plan de melloras recolle medidas realistas e adecuadas. Nas propostas que acolle materialízanse as reflexións realizadas -a través de diversas canles habilitadas- sobre os aspectos mellorables no desenvolvemento da titulación.

O centro (Facultade de Historia) presentou no curso 2014-15 un propostas de mellora específicas para este Grao. Segundo o IRD, xa foron executadas no presente curso o 40% das accións programadas.

Modificacións do plan de estudo:

Vigo, a 4 de xullo de 2016



Xosé María Gómez Clemente

Director da Área de Apoio á Docencia e Calidade

1. Valoración do cumprimento

Resultado:

<input type="checkbox"/> Conforme excelente	<input checked="" type="checkbox"/> Conforme	<input type="checkbox"/> Non Conforme
<input type="checkbox"/> A	<input checked="" type="checkbox"/> B	<input type="checkbox"/> D
	<input type="checkbox"/> C	

Resumo das Valoracións:

Organización e Desenvolvemento	B
Información e Transparencia	A
Sistema de Garantía de Calidade	A
Recursos Humanos	B
Recursos Materiais e Servizos	A
Resultados de Aprendizaxe	B
Indicadores de Satisfacción e Rendemento	B

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se está a realizar conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permite una correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

Evidencias	Descrición
E4: Guías docentes das materias/asignaturas	<p>Revisadas as guías docentes de tres materias do plan 2014 (1º curso), de xeito aleatorio, conséntase que se producen algunhas diverxencias co estipulado na memoria vixente da titulación en aspectos concretos. Polo tanto, revisáronse tres guías máis.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Algunhas das guías das materias estaban dispoñibles só nunha das dúas linguas oficiais. Son pequenos erros de carácter puntual. • Detectáronse diverxencias no apartado das competencias, que se producían de xeito sistemático: en varias guías aparecen competencias que non estaban previstas na memoria para esa materia mentres que, pola contra, faltaban por recoller competencias que si figuran na memoria, vinculadas a esas disciplinas concretas. • Os resultados de aprendizaxe, contidos, planificación docente, metodoloxía docente e avaliación aparecen correctamente cumprimentados e son coherentes coa descrición presente na memoria. • Explicitanse os mecanismos pedagóxicos e de avaliación destinados ao alumnado da modalidade semipresencial (plataforma de teledocencia, titorías etc.).
E30: Actas do último curso da Comisión Académica / Comisión de Titulación	<p>Os mecanismos de coordinación docente son adecuados. Prodúcense reunións con regularidade e cunha periodicidade suficiente e trátanse nelas cuestións relevantes para o grao, derivadas das necesidades da titulación e dos problemas detectados.</p>

1.1.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Discordancia nas competencias asociadas ás materias entre as guías docentes e a memoria.	Si	Ficha 52

1.1.2 Valoración do Criterio:

Organización e Desenvolvemento	B
---------------------------------------	----------

1.1.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	E4	Recoméndase a redacción de todas as guías en galego e castelán.
Recomendacións para a mellora	E4	Revisión das competencias nas guías docentes e axuste coas establecidas na memoria vixente.
Fortaleza	E30	Mecanismos de coordinación docente funcionais e eficientes.

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese), nas seguintes evidencias:

- E1- E6 Páxina web do título/centro/universidade
- E1 Memoria vixente da titulación
- E4: Guías docentes das materias/asignaturas

Elemento	Valoración	Descrición
<p>A información da organización académica da titulación é completa?</p>	<p>A</p>	<p>[Revisase a información académica do plan novo (2014), cuxa implantación se iniciou no ano avaliado, co 1º curso.]</p> <p>A información pública do título é clara, completa e ben detallada. Está presentada dun xeito útil, intuitivo e accesible. Dado que na Facultade conviven dous plans de estudos diferentes (2009 e 2014) da mesma titulación (sometida a un procedemento de modificación), é relevante que se especifique e detalle ben cales son os datos relativos a cada un dos plans (planificación académica). Isto lévase a cabo dun xeito claro.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Esta información está actualizada, tanto no relativo á estrutura do programa formativo da titulación: denominación das materias, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo das materias. Ofrecense gráficos que reflicten a planificación académica da titulación. • Información moi clara, detallada e accesible no relativo a horarios, aulas e calendarios de exames. • Información satisfactoria, clara e accesible sobre o Traballo fin de grao (normativa, comisións de avaliación, temáticas, convocatorias, etc.)
<p>A información do SGC é completa?</p>	<p>A</p>	<ul style="list-style-type: none"> • A información pública é completa e está actualizada. Recolle Manual, procesos, política e obxectivos de calidade, así como tamén plans de mellora, resultados académicos, seguimento do título, entre outros apartados.
<p>A información dos recursos humanos e materiais é completa?</p>	<p>A</p>	<p>A información é moi completa, clara e facilmente accesible. Está actualizada e a súa presentación é intuitiva. O formato da web é moi axeitado e a distribución da información moi satisfactoria.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Profesorado: Información completa sobre nomes, datos de contacto, materias impartidas, experiencia docente e investigadora, categoría, liñas de investigación e breve CV (ligazón desde a pestana 'Docencia'). • Persoal de apoio por centro (número e cargo/posto desempeñado): desde a pestana

		<p>'Facultade' ofrécense informacións suficientes do persoal de administración e servizos, función e datos de contacto.</p> <ul style="list-style-type: none"> Recursos materiais do título (Aulas, seminarios etc.). Proporcionanse directamente datos concretos (pestaña 'Facultade').
A información dos resultados é completa?	A	<p>A información pública do título é comprensible e está actualizada.</p> <p>No Informe de Revisión pola Dirección (IRD) ofrécese información completa dos resultados (tendo en conta que 2014-15 é o ano de implantación do novo plan).</p>

1.2.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora

1.2.2 Valoración do Criterio:

Información e Transparencia	A
------------------------------------	----------

1.2.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	E1 – E6	<p>A páxina web específica do mestrado posúe un formato modélico, en canto á sinxeleza e claridade na presentación dos datos.</p> <p>A información sobre a organización académica (no relativo á estrutura do programa formativo; horario, aulas e calendarios; TFG) e o SGC é moi completa.</p>
Fortaleza	E1 – E6	A información sobre o SGC é completa.
Fortaleza	E1 – E6	A información sobre persoal de apoio e recursos materiais é completa e adecuada.
Fortaleza	E1 – E6	A información sobre resultados é completa.

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Evidencias:	Descrición
E05- E7-E8: Documentación do Sistema de Garantía de calidade	Unha vez comprobados os rexistros pertinentes, a implantación do SGC percíbese como moi extensa e sólida, con mostras dun forte dinamismo. O SGC aparece consolidado e moi activo na reflexión sobre as necesidades, desaxustes e problemáticas da docencia da titulación.
E30: Actas do último curso da Comisión de Calidade	Compróbase que nas Actas da Comisión son tratados asuntos xurdidos da implantación dos procedementos de coordinación, plan de acción titorial, orientación, prácticas e promoción, así como cuestións relativas ao seguimento, resultados e accións de mellora.

1.3.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora

1.3.2 Valoración do Criterio:

Sistema de Garantía de Calidade **A**

1.3.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	E05- E7-E8	Sólida implantación e vitalidade do SGC. Dinamismo, actividade, reflexión, capacidade de reacción fronte ás incidencias e peticións dos axentes, axilidade.
Fortaleza	E30	Bo funcionamento dos procedementos de análise da titulación, das súas necesidades e das posibilidades de mellora.

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Evidencias:	Descrición
E27: Mecanismos empregados para a análise dos resultados de aprendizaxe	No IRD analízanse os datos de participación nas EAD e salientase a pobre participación do alumnado (35,84%). Este dato representa unha clara melloría respecto do ano precedente (23,16%, 2013-14) e superan os obtidos con anterioridade (32,14%, 2012-13). Considérase que os resultados aínda non son satisfactorios, senón que continúan sendo mellorables.
Indicadores:	Descrición
I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Os resultados das enquisas revelan un aceptable grao de satisfacción neste apartado: No caso do alumnado os índices móvense por riba do 3,7, cun resultado global de 3,75/5. No caso do profesorado os índices de satisfacción neste apartado son adecuados: 3,86/5 (global 4,12/5). Indicador 03.
I07: Resultados das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución,...)	Exprésase a necesidade de acometer medidas para mellorar o índice de participación nas EAD, mediante un labor de concienciación da importancia da obtención de datos.

1.4.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Baixa participación do alumnado	Si	Ficha 48, Ficha 38

1.4.2 Valoración do Criterio:

Recursos Humanos B

1.4.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	I03	Grao de satisfacción
Recomendacións para a mellora	I07	Índice de participación

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Analizar e valorar si os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son axeitados ás necesidades do título.

Indicadores:	Descrición
I03 : Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Os resultados das enquisas revelan un aceptable grao de satisfacción neste apartado: Alumnado 3,78/5 (global 3,75/5). Profesorado: 3,82/5 (global 4,12/5). Os resultados obtidos nos dous grupos son practicamente coincidentes, alleos á tendencia xeral na UVigo de rexistrar índices máis elevados no profesorado que no alumnado. Os datos de satisfacción cos recursos materiais e servizos son positivos. Indicador 03

1.5.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora

1.5.2 Valoración do Criterio:

Recursos Materiais e Servizos **A**

1.5.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	I03	Grao de satisfacción

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE: Analizar se os resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES.

Evidencias:	
E25-E17: Listaxe de Traballos Fin de Grao	<p>Segundo o IRD, as cualificacións dos traballos defendidos foron iguais ou superiores a Notable (100% de éxito na materia). No IRD analizase a taxa de rendemento que, malia situarse por riba dos obxectivos é mellorable: 58,62% (das 29 persoas matriculadas no TFG, só defenderon 17). Reflexiónase sobre as medidas que se poden adoptar para mellorar esa taxa, determinante, á súa vez, para a taxa de graduación. As cualificacións son razoables, aínda que a porcentaxe de traballos defendidos merece ser obxecto de atención.</p>
E28- E18: Informes de cualificacións das materias	<p>Encóntrase información das taxas de rendemento, avaliación, éxito etc., desagregadas por materia. Non se atopa información da distribución porcentual das cualificacións. En conxunto, os datos das cualificacións por materias son razoables. No Informe de Revisión pola Dirección analízanse adecuadamente todos estes datos, con especial atención ás taxas de TFG e propóñense medidas para incrementar a taxa de traballos defendidos.</p> <p>Nesta evidencia debería aparecer o informe de calificación de cada unha das materias. Este informe atópase dispoñible actualmente na aplicación Unidata. Accédese a “Acreditación Títulos” e logo a “Matrícula e rendemento” e finalmente escóllese o informe “AC-E08- Calificación de cada unha das materias”</p>

1.6.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Taxa de rendemento do TFG	Si	

1.6.2 Valoración do Criterio:

Resultados de Aprendizaxe B

1.6.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMENTO: Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Evidencias:	
E15- E10: Enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese	<p>A participación nas enquisas de satisfacción mellorou globalmente, tanto no grupo do profesorado (91, 67% fronte ao 46,15% de 2013-14) como no do alumnado (53,6% fronte ao 22,7%). Isto proporciona datos máis significativos.</p> <p>Os datos globais de satisfacción son moi positivos: obtéñense os índices de satisfacción máis elevados da UVigo (71,4%).</p> <p>No caso do alumnado, a satisfacción aumenta ao 75% (3,75/5), respecto ao curso 2013-14 (71,4%, 5/7).</p> <p>No caso do profesorado, prodúcese un descenso no índice de satisfacción: 4,12/5 (82,4%), inferior ao curso precedente (6/ 7, isto é, 85,7%).</p> <p>No IRD analízanse os datos e valóranse positivamente, en conxunto. Analízase o empeoramento dos datos do profesorado, que se pon en relación coa intensificación docente que comezou a aplicarse sobre este grupo.</p>
E12-E19: Informes públicos sobre os resultados da titulación	No IRD lévase a cabo unha análise completa e adecuada dos resultados obtidos, orientada á localización das posibles causas dos puntos febles (taxas de graduación, TFG) e á proposta de medidas para emendalos.
Indicadores:	
I01: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico	Comprobar a evolución temporal do número de estudantes/as de novo ingreso na seguinte ligazón.: Indicador 01 . 2014-15: 147, lixeiramente superior ao ano precedente (145). A meta proposta para o presente ano é alcanzar a cifra de 150.
I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Os datos globais de satisfacción son moi positivos: obtéñense os índices de satisfacción máis elevados da UVigo (71,4%). Os datos globais son superiores no profesorado (4,12) ca no alumnado (3,75). Os resultados son considerados satisfactorios. Analizar os datos na seguinte ligazón.: Indicador 03
I11: Indicadores de resultados de forma global para o título.	<p>Nalgúns indicadores percíbese unha mellora leve aínda que no caso da graduación, por exemplo, insuficiente. Outros aspectos (rendemento, avaliación e eficiencia) empeoran.</p> <p>O IRD fai unha valoración globalmente positiva, aínda sinalando a necesidade de mellorar a taxa de rendemento e de graduación.</p> <p>Taxa de abandono: Sitúase nun 7,12%, que supón unha mellora respecto do ano precedente (19,05% en 2013-14). No IRD valórase como un dato moi satisfactorio.</p> <p>Taxa de graduación: 26,19%. Malia mellorar, resulta moi baixa.</p> <p>Taxa de eficiencia: 89,58%, fronte ao 91,94% do curso 2013-14.</p> <p>Taxa de rendemento: 69,47% (3 puntos inferior ao curso precedente).</p> <p>Taxa de éxito (90,81%, lixeiramente superior ao curso precedente).</p> <p>Taxa de avaliación: (77,13%, 4 puntos por debaixo do curso anterior, 81,87%).</p> <p>Indicador 11.</p>
I12 Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	<p>Taxa de ocupación: 66,67% (86,67% en 2013-14).</p> <p>Taxas de preferencia: 66,67% (86,67% en 2013-14).</p> <p>Taxa de adecuación: 93,33% (92,31%).</p> <p>Estes datos de ocupación, preferencia e adecuación son analizados</p>

	<p>detalladamente no IRD. Constátase que os resultados está por debaixo dos obxectivos previstos e reflexiónase sobre as posibles causas (matriculación de estudantado na 2ª e sucesivas convocatorias).</p> <p>Sobre a nota media de acceso, esta sitúase en 6,28, que representa a cifra máis baixa dos cursos anteriores. Está máis dun punto por debaixo da nota do curso 2010-11 (7,35), pero próxima á media de acceso do curso 2011-12 (6,38).</p> <p>Con todo, a nota media de acceso no conxunto dos cursos alcanza o 6,7. No IRD resáltase este dato, que se considera adecuado, no marco dunha tendencia á estabilidade nas notas de acceso.</p> <p>Indicador 12.</p>
--	--

1.7.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Baixa taxa de graduación	Si	
Taxas de preferencia e adecuación	Si	Ficha 51, Ficha 52

1.7.2 Valoración do Criterio:

Indicadores de Satisfacción e Rendemento B

1.7.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	I03	Alto índice de satisfacción
Recomendacións para a mellora	I11	Baixa taxa de graduación
Recomendacións para a mellora	I11	Descenso na taxa de rendemento
Fortaleza	I11	Deseño de medidas para incrementar a taxa de graduación (centradas no TFG)

1.8 Alegacións da Valoración do Cumprimento:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	

2. Plan de Melloras do Título

Resultado:

<input checked="" type="checkbox"/> Conforme excelente	<input type="checkbox"/> Conforme	<input type="checkbox"/> Non Conforme
<input checked="" type="checkbox"/> A	<input type="checkbox"/> B	<input type="checkbox"/> D
	<input type="checkbox"/> C	

2.1 Xustificación da Valoración

Valoraranse só as accións de mellora do cadro do último curso académico e das accións da titulación. De xeito xeral para realizar a valoración deste epígrafe, pódese facer reflexionando as seguintes cuestións. Si non hai incumprimentos ou existen incumprimentos de xeito puntual (<25% das accións) a valoración é Conforme. Si hai incumprimentos pero non son sistemáticos (<50% das accións) a valoración é Recomendación para a mellora. Si os incumprimentos son sistemáticos (>50% das accións) a valoración é Non conforme

Cuestións	Valoración	Descrición
Todos os puntos febles atopados levan asociados unha acción de mellora?	A	<ul style="list-style-type: none"> Existe un completo e detallado plan de mellora, que recolle distintas incidencias e debilidades da titulación. O plan demostra un alto grao de análise, reflexión, coordinación e compromiso para identificar e solucionar os problemas.
As accións de mellora en xeral son coherentes para solucionar os puntos febles ?	A	<ul style="list-style-type: none"> Os puntos febles pódense solucionar a partir das accións de mellora, que se consideran adecuadas. As actuacións que se pretende desenvolver xorden da análise e da reflexión sobre as incidencias detectadas polas responsables da titulación. <p>Asígnanse adecuadamente os actores responsables de executar as accións (coordinacións, dirección) e establécense prazos razoables e axeitados para levalas a cabo.</p>

2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	E30, E4	Análise, reflexión e implicación da Comisión de Calidade.
Fortaleza	E05-E7-E8, E30, E27, I03, I07	Reflexión, diagnóstico e dinamismo na procura de mellora das persoas responsables da titulación. Elaboración e actualización de cadros de acción de mellora detallados.

2.3 Alegacións do Plano de Melloras:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	

3. Modificacións do plan de estudos

3.1 Xustificación da Avaliación:

Incluiranse neste todas as modificacións **non substanciais**, que son aqueles cambios menores que melloran o título e que detectáronse no proceso de avaliación e non aparecen neste apartado
Indicar cales na seguinte ligazón: [Modificacións do plan de estudos](#) da páxina 2 deste modelo.

3.2 Alegacións das Modificacións do Plano de Estudos:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	